

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA
CURSOS: 3º ESO
MATERIA: LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA.
PROFESORA: ROSA RODIÑO NÚÑEZ
DEPARTAMENTO: LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA.
DATA: 12-5-2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| B1.2. escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo | LCLB1.2.1. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal. |
| B1.2. escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo. | LCLB1.2.2. Interpreta e valora aspectos concretos do contido e da estrutura de textos narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos e instrutivos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular. |
| B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.). | LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos |
| B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.). | LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. |
| B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo. | LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais. |
| B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo. | LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral. |
| B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos. | LCLB2.1.2. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica. |
| B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos | LCLB2.2.2. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados |

| | |
|--|--|
| | identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido. |
| B2.4. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua. | LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. |
| B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados. | LCLB2.5.1. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas e estrutura) ou a forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación), e avalía a súa propia produción escrita ou a dos seus compañeiros e das súas compañeiras. |
| B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados. | LCLB2.5.2. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita e axustándose ás normas ortográficas e gramaticais que permiten unha comunicación fluída. |
| B2.6. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso. | LCLB2.6.2. Utiliza variados organizadores textuais nas exposicións e nas argumentacións. |
| B2.6. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso. | LCLB2.6.2. Utiliza variados organizadores textuais nas exposicións e nas argumentacións. |
| B2.6. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso. | LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento. |
| B2.7. Valorar a importancia da escritura como ferramenta de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal. | LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento. |
| B2.7. Valorar a importancia da escritura como ferramenta de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal. | LCLB2.7.2. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión. |
| B2.7. Valorar a importancia da escritura como ferramenta de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento | LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a escritura. |

| | |
|--|---|
| persoal. | |
| B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso. | LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto. |
| B3.6. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe. | LCLB3.6.1. Identifica e usa en textos orais ou escritos as formas lingüísticas que fan referencia ao emisor e ao receptor ou á audiencia (persoa gramatical, uso de pronomes, suxeito axente ou paciente, oracións impersoais, etc.). |
| B3.7. Interpretar adecuadamente os discursos orais e escritos tendo en conta os elementos lingüísticos, as relacións gramaticais e léxicas, a estrutura e a disposición dos contidos en función da intención comunicativa. | LCLB3.7.1. Recoñece a coherencia dun discurso atendendo á intención comunicativa do emisor, identificando a estrutura e a disposición de contidos. |
| B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás súas afeccións, amosando interese pola lectura. | LCLB4.1.1. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal. |
| B4.3. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e relacionando obras literarias, musicais e arquitectónicas, e personaxes, temas, etc. de todas as épocas. | LCLB4.3.1. Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve. |

2-Avaliación e cualificación.

| | |
|-------------------|--|
| Avaliación | <p>Procedementos:</p> <p>Proba específica de manexo de fontes informáticas, probas específicas de expresión e comprensión oral e escrita, proba específica para o desenvolvemento do gusto pola escritura e educación literaria.</p> |
|-------------------|--|

| | |
|---|--|
| | <p>Instrumentos:</p> <p>Rexistro e seguimento da realización das tarefas propostas no caderno de clase, portfolio.</p> |
| Cualificación final | <p>Media das dúas primeiras avaliacións + ata 2 puntos polas tarefas deste período. As tarefas enviadas durante o terceiro trimestre foron pensadas para consolidar o perfil comunicativo do alumno, o cal comprende a expresión e comprensión oral e escrita, polo que serán tidas en conta en tanto que manifesten consolidación ou evolución en dito perfil.</p> <p>As tarefas entregadas unha vez corrixidas para todo o alumnado e enviadas as solucións, non serán estimadas para a nota.</p> <p>Independentemente da entrega das tarefas, o alumnado con avaliacións suspensas terá un exame, presencial ou por vía telemática, no mes de xuño.</p> |
| Proba extraordinaria de setembro | <p>En setembro a proba de avaliación consistirá nun exame baseado nos contidos impartidos ata o 13 de marzo . A proba terá en conta os catro piares do perfil comunicativo :expresión e comprensión oral e escrita e educación literaria.</p> |
| Alumnado de materia pendente | <p>Non procede</p> |

3-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

| | |
|--------------------|--|
| Actividades | <p>Actividades de reforzo e repaso do proxecto do discurso político e do proxecto de achegamento á literatura medieval relativos ó primeiro e segundo trimestre, así como outras relacionadas co perfil comunicativo , e ampliación. As de ampliación centradas no derradeiro proxecto do curso que traballaba a literatura do Renacemento e Barroco:</p> <p>Cuestionario sobre a linguaxe científica da pandemia covid 19. Manexo do dicionario.</p> <p>Realización dun Rosco da literatura e contexto medievais inspirado nos publicitados en programas televisivos</p> <p>Tarefa de comprensión escrita a partires dunha selecciónde fragmentos literarios representativos da distopía</p> <p>Tarefa de expresión literaria e gusto pola escritura (Portfolio)para crear un relato semellante á distopía a partiresde texto modelo.</p> <p>Tarefa de expresión oral a partires da observación dun</p> |
|--------------------|--|

| | |
|--|--|
| | <p>graftti de Banski e un cadro de Edward Munch ou da visualización dun fragmento cinematográfico de Blade runner.</p> <p>Tarefa de ortografía:” Canciones Horteras para una orografía decente”</p> <p>Tarefas de reforzo para os alumnos suscritos ós plans de inicio de curso</p> <p>Tarefas para os alumnos repetidores.</p> <p>Tarefas de ampliación: A litaratura renacentista e barroca en textos. Comentario de texto literario.</p> |
| <p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p> | <p>*Previa enquisa e información dos titores, ningún alumno presentou problemas de conectividade.</p> <p>Os domingos pola noite cóganse as tarefas na aula virtual do centro, na que aparecen unha ampla, detallada e minuciosa explicación das mesmas, e cando se precisa exemplos de posible solución para que o alumnado os teña de referente. Tamén se colgan os materiais necesarios para a súa elaboración e o prazo de entrega. Por acordo xeral do profesorado da ESO en reunión telemática, estableceuse os venres ás 17:00 horas como prazo para a entrega das tarefas por parte do alumnado. Esta entrega de tarefas realízase a través do correo electrónico facilitado pola profesora.</p> <p>Durante a semana a profesora vai resolvendo dúbidas que plantexa o alumnado.</p> <p>Recibidas as tarefas e feitas as precisións necesarias ao alumnado, cóganse as solucións das tarefas para que o alumnado poida consultar con tranquilidade.</p> |
| <p>Materiais e recursos</p> | <p>Documentos e actividades deseñadas de xeito propio pola profesora. As páxinas web son empregadas para reforzar as actividades de uso de mecanismos de cohesión a fin de fortalecer a expresión e comprensión escrita e oral</p> |

4- Información e publicidade

| | |
|---|--|
| <p>Información ao alumnado e ás familias</p> | <p>A profesora utilizará a aula virtual e o correo electrónico para comunicarse co alumnado e as familias.</p> |
| <p>Publicidade</p> | <p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> |